

Acta de concesión da XXIV edición da Homenaxe "O Escritor na súa Terra – Letra E"

O sábado 17 de febreiro de 2018 reúnese ás 11.00, no Museo do Pobo Galego, a Asemblea Ordinaria Anual de Socios e Socias da AELG para acordar, entre outros puntos da orde do día, o nome da escritora ou escritor que sería homenaxeado este ano 2018 na súa terra, no marco dunha iniciativa de irmandade literaria anual e vertebradora que, ao longo dos últimos vinte e tres anos, se ten instituído na traxectoria do noso colectivo como unha alternativa complementaria á celebración do Día das Letras Galegas, isto é, unha actividade vivida en comunidade, que nace da vontade de premiar autorías e obras vivas, socialmente activas, ao tempo que persegue o recoñecemento e a posta en valor dunha figura clave do noso presente literario, nunha xornada en que o contacto directo, humano e profesional se convirta no principal cómplice protagonista.

A Asemblea de Socios e Socias da AELG aprobou nesta xornada, por unanimidade, concederlle esta XXIV Edición da Homenaxe "O Escritor na súa Terra – Letra E" a Nacho Taibo, voz narradora referente e renovadora desde mediada a década dos 70 e actitude vital solidaria, comprometida, dinamizadora e copartícipe do movemento asociativo, entre o que cómpre mencionar a propia AELG desde a súa fundación, en 1980, asumindo a responsabilidade da tesouraría no seu consello directivo, desde a implicación persoal coa restauración democrática e co obxectivo de impulsar iniciativas sociais colectivas a prol da normalización lingüística, literaria e cultural, da xustiza social e a restauración da memoria de noso.

Asemade, esta asemblea acordou nomear Nacho Taibo como Socio de Honra da AELG, en convivio de irmandade con aqueloutras figuras senlleiras e insignes da historiografía literaria galega recente que o precederon nas edicións anteriores: Avilés de Taramancos, Bernardino Graña, Manuel María, M^a Xosé Queizán, Xosé Neira Vilas, Uxío Novoneyra, Luz Pozo Garza, Xosé Chao Rego, Xosé Fernández Ferreiro, Salvador García-Bodaño, Pura Vázquez e Dora Vázquez, M^a do Carme Kruckenberg, Manuel Lourenzo, Xosé Vázquez Pintor, Agustín Fernández Paz, Marilar Aleixandre, Paco Martín, Xavier Rodríguez Baixeras, Marica Campo, Xabier P. Docampo, Xosé M^a Álvarez Caccamo, Helena Villar Janeiro e Pilar García Negro.

Como Secretaria Xeral da AELG dou fe co visto e prace do Presidente.

*Mercedes Queixas Zas
Oleiros, a 16 de xuño de 2018*